



Asesoría Xurídica
Secretaría Xeral

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Tfno.: 981 167 000* Exts.: 1057, 1028 e 2369
Fax: 981 167 017

1989
2014



UNIVERSIDADE
DA CORUÑA

Resolución Reitoral da Universidade da Coruña pola que se dispón o inicio do expediente de declaración de lesividade da Resolución do 4.04.2011 pola que se convocaban probas selectivas para a provisión dunha praza de técnico de grao medio en Relacións Internacionais vacante na relación de postos de traballo de persoal laboral.

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. Por Resolución do 4.04.2011 (DOG N° 81, do 27 de abril) convocáronse probas selectivas para a provisión dunha praza de técnico de grao medio en Relacións Internacionais vacante na relación de postos de traballo de persoal laboral.

Segundo. Por Resolución Reitoral do 24.05.2011 aprobouse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no devandito proceso selectivo.

Terceiro. No DOG n° 129 do 6.07.2011 publicouse a Resolución do 20.06.2011 pola que se procedía a realizar unha corrección de erros da precedente resolución reitoral de 4.04.2011. Porén, advertido con posterioridade que o contido da precitada modificación excedía o propio dunha mera rectificación, xa que, modificaba o programa do proceso selectivo e a linguaxe do terceiro exercicio deste, a Universidade resolveu revogar a resolución do 20.06.2011. Tal revogación fíxose efectiva por resolución do 25.04.2012.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira. Mediante esta Resolución Reitoral se procede ao inicio do expediente de Declaración de Lesividade da Resolución Reitoral do 4.04.2011 pola que se convocaban probas selectivas para a provisión dunha praza de técnico de grao medio en Relacións Internacionais vacante na relación de postos de traballo de persoal laboral, para a súa ulterior impugnación perante a orde xurisdiccional contencioso administrativa.

Segunda. A competencia para ditar esta resolución corresponde, por delegación do Reitor da UDC, á persoa titular da Secretaría Xeral segundo dispoñen os seguintes preceptos: Art. 20.1 Leu Orgánica de Universidades 6/2001, do 20 decembro; Art. 40.1 dos Estatutos da UDC, aprobados por Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio); e Art. 2.2.e) da Resolución Reitoral do 16.01.2012 pola que se establecen a estrutura orgánica dos servizos centrais da UDC e as competencias dos seus órganos directivos.

Terceiro. A convocatoria de referencia foi obxecto de publicación e alcanzou a fase de publicación da listaxe provisional de admitidos e excluídos. Na súa consecuencia existe un acto administrativo declarativo de dereitos, feito que impide proceder a unha revogación de plano correspondente aos supostos previstos no artigo 105 da lei 30/1992, do 26 de novembro, Lei reguladora do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (en adiante LRXPAC).

Neste orde de consideracións cómpre necesariamente acudir ao procedemento de revisión de actos declarativos de dereitos, isto é: declaración de lesividade e posterior impugnación perante a xurisdicción contencioso-administrativa a través do procedemento regulado no artigo 103 LRXPAC.

O artigo 103 LRXPAC refírese a aqueles actos favorables aos interesados que resulten anulables a tenor do disposto no artigo 63 do mesmo corpo legal. A convocatoria que se examina carece dos requisitos formais necesarios para que o acto alcance a súa finalidade. En concreto as infraccións do ordenamento xurídico nas que incorre, lesivas para o interese público, foron postas de manifesto por informe da Vicerreitoría de Relacións Internacionais de data do 21.11.2012 que afirma:

" (...) a convocatoria da praza en cuestión adoece de defectos ou vicios invalidantes, cales son a omisión da proba consistente na valoración da competencia lingüística dos aspirantes e a inadecuación do temario ao perfil da praza.

1º. Omisión da valoración dos requisitos lingüísticos dos candidatos. A praza obxecto de concurso é a de técnico medio en Relacións Internacionais da UDC, praza que polo seu perfil na actual relación de postos de traballo da UDC (RPT) aparece definida do seguinte xeito: ... observacións: inglés e outro idioma da UE de fóra do Estado Español.



Asesoría Xurídica
Secretaría Xeral

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Tfno.: 981 167 000* Exts.: 1057, 1028 e 2369
Fax.: 981 167 017

1989
2014



UNIVERSIDADE
DA CORUÑA

A marxe do cumprimento dos requisitos propios e específicos da praza en cuestión que se establece na RPT da Universidade da Coruña, é obvio que para o desenvolvemento normal e eficaz das funcións de técnico medio da Oficina de Relacións Internacionais faise preciso o coñecemento de linguas –especificamente o inglés e outro idioma da UE de fóra do Estado Español-, xa que, as funcións cotiás deste persoal é o manexo de textos e convenios en linguas diversas e, por suposto, as relacións académicas e administrativas co persoal das Universidades estranxeiras. A omisión das probas nas que se valora a competencia lingüística dos candidatos a desempeñar este posto na Oficina de Relacións Internacionais fai, por si mesma, im`rocedentes e incorrectas as bases desta convocatoria.

2º. Temario inadecuado. O programa da convocatoria non está actualizado. Esixe ao candidato o estudo dun marco normativo anterior ao ano 2007, no que comezou o programa LLP da UE. Por conseguinte, os coñecementos que se require que posúa o eventual candidato non se axustan en absoluto á realidade normativa actual aplicable ás Relacións Internacionais da Universidade. Polo demais, no temario tampouco se comprobaba se o candidato posuía os coñecementos necesarios para o manexo das ferramentas informáticas básicas que se empregan de cotiá no ámbito da xestión administrativa das relacións internacionais”.

Cuarto. O artigo 104 LXPAC dispón que: “Iniciado o procedemento de revisión de oficio, o órgano competente para resolver poderá suspender a execución do acto, cando este puidera causar prexuízos de imposible ou difícil reparación”.

Tendo en conta o exposto, procede manter a suspensión do procedemento selectivo convocado pola Resolución xa citada do 4.04.2011ate que recaia resolución finalizadora deste procedemento. Igualmente, ao se adoptar a Resolución definitiva de declaración de lesividade, procederá a devolución das taxas aínda non devoltas aos interesados.

Quinto. De conformidade co disposto polo artigo 59.6 LXPAC, ao se tratar dun procedemento de concorrencia competitiva no que existen unha pluralidade de interesados, procede a publicación desta Resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónico/páxina web da UDC ao abeiro das previsións contidas no artigo 84 LXPAC.

Á vista do exposto **RESOLVO**

1º. Incoar expediente de declaración de lesividade da Resolución do 4.04.2011 pola que se convocaban probas selectivas para a provisión dunha praza de técnico de grao medio en Relacións Internacionais vacante na relación de postos de traballo de persoal laboral.

2º. Publicar esta Resolución na Web da UDC (taboleiro virtual)

3º. Conferir aos interesados un prazo de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución aos efectos de que presenten as alegacións que consideren oportunas.

A Coruña, a 10 de marzo de 2015

O Reitor

PD: O Secretario Xeral -artigo 2.2.e) da resolución reitoral do 16.01.2012, DOG do 13.02-

Carlos Amoedo Souto